

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 22 DE MAIO DE 2023  
POLA QUE FAI PÚBLICO E SE LLE DÁ EFECTIVIDADE  
AO ACORDO SOBRE A EXECUCIÓN DOS PROCESOS  
DE SELECCIÓN E PROVISIÓN, AO ABEIRO DA  
NORMATIVA DE ESTABILIZACIÓN, CONVOCADOS  
POLA UNIVERSIDADE DE VIGO EN DECEMBRO DO  
2022**

No pasado decembro convocáronse os procesos selectivos dirixidos á estabilización do persoal de administración e servizos, correspondentes ás OPE´s de 2019, 2020 e 2021, así como o proceso de promoción interna, da OPE de 2019 e 2021

Simultaneamente, tramitouse o concurso de méritos do persoal funcionario convocado por Resolución do 30 de setembro de 2022, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 13 de outubro.

O desenvolvemento dos citados procesos por mor da mobilidade, incorporación e cesamentos prevese que terá un gran impacto na configuración dos equipos de traballo e en consecuencia, nos procedementos de traballo nas respectivas unidades.

Xa que logo, cómpre prever de xeito ordenado o remate dos procesos, sendo un dos aspectos de maior afectación a relativa á ordenación dos cesamentos que se produzan por mor da incorporación do persoal adxudicatario dos postos de traballo.

Por Resolución do 31 de marzo de 2009 publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 67 do 07 de abril o acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Universidade de Vigo e mailo acordo sobre criterios de incorporación e cese deste persoal derivados dos procesos de provisión e selección.

Dada a complexidade dos procesos así como a amplitude do seu ámbito, co fin de ordenar a interpretación das cuestións que poidan xurdir da súa aplicación aos procesos

mencionados, en con base no disposto no artigo sétimo do acordo, a Xerencia e a representación do persoal acadaron un documento consensuado no que se recolle un acordo interpretativo de data 17 de abril de 2023, ratificado pola Comisión de seguimento do Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do PAS, con data tamén de 17 de abril de 2023.

Cómpre polo tanto, proceder á publicación do citado documento, para xeral coñecemento das persoas eventualmente afectadas e establecer a súa vixencia.

Considerando os antecedentes expostos, esta Reitoría, en uso das competencias que lle confire a Lei Orgánica 6 /2023 de 22 de marzo, do Sistema Universitario e os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados por Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro (DOG do 22 de febreiro).

### RESOLVE

Primeiro.- publicar o acordo asinado entre a xerencia e os órganos sindicais sobre a execución dos procesos de selección e provisión, ao abeiro da normativa de estabilización, convocados pola Universidade de Vigo en decembro do 2022.

Segundo.- Fixar como data de inicio de efectos do mencionado acordo a data de sinatura da presente resolución.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Vigo, 22 de maio de 2023

O Reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

*(documento asinado dixitalmente)*